

Ano 2014/2015

Número 14

Decembro-Febreiro

Publicación Trimestral



## A Federación Autismo Galiza de Respiro Familiar coa Asociación ANDREA



Un ano máis a **Federación Autismo Galicia** elixe á **Asociación ANDREA** para levar a cabo os **Programas Especiais de Terapia Asistida con Asnos** para os seus usuarios e usuarias, neste caso para mozos adolescentes.

Soamente os que temos a fortuna de estar presente nestes Programas, podemos vivir e entender o proceso de transformación que en poucos días se produce nas persoas afectadas polo síndrome autista, en nós os terapeutas, e no propio entorno. Cando como profesionais da Psicoloxía, es capaz de romper as barreiras, trasladar o despacho clínico ao campo, e buscar colaboración nos animais como facilitadores, entón xa non hai marcha atrás, os magníficos resultados son os que nos din que **outra forma de entender e practicar a Psicoloxía é posible.**



### CONTIDOS

Andrea e a Deputación cos colectivos en desvantaxe	2
Autismo Galiza de Campamento	2
ARELA e a aceptación incondicional dos animais	3
Apadriña un Burro!!!	3
Rehabilitación de burros abandonados e maltratados	4
Ciclo de Formación en colaboración coa Universidade	4



ANDREA ASOCIACIÓN

AS NOSAS NOVAS



# ANDREA e a Deputación de Ourense subvencionan a colectivos en desvantaxe.

Un ano máis, a **Asociación A.N.D.R.E.A.** e a **Deputación de Ourense**, subvencionan os **Programas de Estimulación Multifuncional Asistidos con Asnos para persoas con minusvalidez física, psíquica e/ou social**. Unha das asociacións que está a disfrutar dos beneficios destes programas é a **Asociación de persoas con minusvalidez intelectual da bisbarra da Limia (LIMISI)**.



O programa ten como obxectivo a mellora da calidade de vida das persoas con minusvalidez física, psíquica e/ou social. Nos nosos programas de Terapia Asistida con Asnos a mediación co animal defínese como **unha estratexia terapéutica fundamentada na presenza da neuroplasticidade cerebral e baséase na Neuropsicología Cognitiva e nas Terapias de Reeduación Psicomotriz e Integración Sensorial**, dirixidas a favorecer a funcionalidade instrumental e básica das persoas con algunha minusvalidez (física, psíquica e/ou social) e manter a súa autonomía durante máis tempo. **Estes programas pioneiros en España, foron creados, deseñados e mellorados polo noso equipo interdisciplinar tras anos de experiencia e investigación na Terapia Asistida con Animales.**

## Autismo Galiza de Campamento



Un novo grupo de usuarios da **Federación Autismo Galicia**, esta vez de mozos e adultos, disfrutaron dos **Programas Especiais de Terapia Asistida con Burros para Persoas Afectadas do Espectro Autista**, que a **Asociación ANDREA** leva a cabo nas súas instalacións adaptadas para persoas con mobilidade reducida en San Salvador dos Penedos. A valoración dos resultados obtidos neste **Programa innovador dunha semana intensiva de duración** por parte dos profesionais de ambas as dúas entidades é moi positivo, despois de observar como progresivamente os usuarios ían respondendo aos estímulos e interacción cos animais.

Unha intensa e bonita semana de interacción cos burros de terapia nunha contorna única pola súa fermosura e tranquilidade.

**ANDREA algo máis que un nome de muller...**

## Xóvenes en situación de desamparo coñecen a aceptación incondicional dos nosos burros de terapia.

Un ano máis a **Asociación ANDREA** e a **Deputación de Ourense** subvencionan os **Programas de Estimulación Multifuncional Asistidos con Animais para colectivos con necesidades especiais**. Nesta ocasión foi a **Asociación ARELA** outra das entidades que se beneficiou deste programa terapéutico. ARELA é unha Asociación dedicada ao desenvolvemento integral da infancia e da mocidade de Galiza en situación de desprotección e/ou conflito social. Concretamente realizouse a intervención con oito usuarios e usuarias do piso de acollida que a Asociación ten en Allariz, no que conviven estes adolescentes, con catro educadores/as, que por mor dunha situación de desamparo, están baixo tutela da administración (Xunta de Galicia) ou asume temporalmente a súa custodia. Dadas as características destes usuarios, o Programa Terapéutico Asistido con Asnos, dirixiuse fundamentalmente a incrementar a autoestima e confianza dos participantes, mellorar a xestión das emocións, mellorar as súas capacidades de interrelación e empatía, así como as súas capacidades de afrontamento e resolución de situacións conflictivas.



## APADRIÑA UN BURRO!!!

Un bo modo de colaborar connosco é apadriñar/amadriñar a un dos nosos burriños. Temos dispoñibles no noso **Programa de Amadriñamento** a doce dos nosos burriños, e aínda que a estes non chos poidas levar a casa, recibirás un certificado cunha foto do burriño escollido. Ademais durante o ano recibirás como mínimo unha carta informándote de como está o teu afillado/a e si houberse algún acontecemento importante serías puntualmente informado/a. **Ser madriña ou padriño dun dos nosos burriños ten moitas vantaxes:** Poderás visitar ao burriño/a cantas veces queiras, levarlles algunha "golosina"(cenouras, mazás...), cepillalos, fotografarte, ou simplemente pasar o día con eles, sen ningún outro custo.



O apadriñamento/amadriñamento dun dos nosos burriños é un regalo ideal para familia ou amigos e, se nos dis a data e a dirección aseguraremos de que o regalo chegue o día indicado ao seu domicilio. Así non volverás esquecer un cumpreanos ou aniversario!





**San Salvador 22  
32660 Allariz  
Ourense**

**Teléfono: 988442534  
Móvil: 696971670**

**Mellorando a calidade de vida  
dos colectivos desfavorecidos.**

**ESTAMOS NO WEB:**

**[www.andreaasociacion.org](http://www.andreaasociacion.org)**

**Rehabilitación de burros abandonados e maltratados.  
Asociación ANDREA**



**Ciclo de Formación Especializada en colaboración coa  
Facultade de Ciencias da Educación Universidade de Vigo**

Acorde co auxe dentro do mundo científico das Terapias Asistidas con animais e dada a necesidade de impartir unha formación especializada, desde o Centro Pioneiro en España de Asinomedicación e Terapia Asistida con Burros para persoas en desvantaxe física, psíquica e/ou social, a **Asociación ANDREA** ofrece un dos máis completos ciclos formativos sobre esta nova e beneficiosa especialidade.

Os nosos cursos e seminarios de Terapia Asistida con Animais están deseñados para poder ofrecer ós participantes a mellor calidade en formación, proporcionando os coñecementos necesarios para poder utilizar animais dentro de diferentes procesos educativos e terapéuticos como unha innovadora ferramenta, e poder implantar programas terapéuticos con Animais con diferentes colectivos.

***Este ciclo formativo está reconecido como  
créditos de libre elección si eres estudiante  
Universitario.***

A maior parte dos nosos cursos teñen un formato persoalzado en grupos reducidos para garantir unha boa calidade de ensinanza. Posto que a finalidade da nosa formación é profesional, incluímos nos cursos a realización de prácticas tanto de simulación como reais, participando co noso equipo terapéutico en programas de intervención, para que así os participantes podan rematar o seu ciclo formativo cunha experiencia profesional previa. Adaptamos tamén os cursos ás necesidades de entidades concretas que nos soliciten formación para o seu persoal, voluntariado...



**FORMACIÓN PROFESIONAL**

**TERAPIA ASISTIDA CON ANIMAIS**

**[www.andreaasociacion.org](http://www.andreaasociacion.org)**

*Si queres publicitarte neste boletín gratuíto, e colaborar deste xeito a mellorar e aumentar o número de exemplares, contacta con nós (arriba a esquerda). Por pequena que sexa a túa aportación será de gran utilidade.*